

## PROPOSTA DIDÁCTICA CRA OROSO 16 – 30 MARZO

### XUSTIFICACIÓN

Estimadas familias, ao longo destas semanas iremos propondo diversas actividades de formación a distancia para que as familias (na medida das vosas posibilidades) desenvolvedes nas vosas casas.

Temos varios condicionantes para programar este traballo, polo cal pedimos a vosa colaboración e comprensión nestes días. Por un lado, as plataformas informáticas habilitadas pola Consellería de Educación están saturadas pola sobrecarga de contidos e usuarios. Ademais, descoñecemos cantas familias teñen acceso a internet, ben con ordenador, teléfono ou unha tablet, así como a dispoñibilidade dunha impresora.

En calquera caso, a proposta de todos os mestres do noso centro vai encamiñada a un traballo baseado na práctica e non tanto no traballo con libros, fichas e demais materiais impresos.

Queremos agradecervos a todas as familias a vosa cooperación e quedamos á vosa disposición para calquera consulta.

## PROPOSTA DE TRABALLO

Nesta primeira semana, en concreto para os primeiros días, propoñemos unhas tarefas xenéricas para ir acostumando aos nenos/as á esta situación excepcional.

Nos vindeiros días, publicaremos algúns materiais escritos, contos e demais materiais para as familias que teñan posibilidade de imprimilos.

Ademais do traballo que poidades realizar, nestes primeiros días, e para ir retomando o traballo, aconsellamos as seguintes pautas:

- Erguernos no horario habitual da escola, almorzar e asearnos.
- Axudar nas tarefas do fogar (preparar o almorzo, facer as camas, limpar a casa, ordenar armarios, etc). Facer un inventario da casa (contar cantos pratos, vasos, garfos, etc...)
- Comezar facendo algunha actividade (motriz, de memoria, etc).
- Repasar o calendario, dar os bos días, revisar tempo meteorolóxico cantando a canción coñecida polo alumnado.
- Contar cantos estamos na casa (en inglés ou castelán), contar os días que ten o mes, etc.
- Ler un conto, logo contarlo á familia e facer un debuxo sobre o conto. Contar o número de personaxes, describir a cada personaxe, contar o número de páxinas.
- Facer exercicio físico (por exemplo con pelotas da casa, con globos, etc. Xogar a pasar o globo só cunha man, pasar a pelota carreiras á pata coxa, facer equilibrios con vasos de plástico na cabeza seguindo un percorrido, xogo de estatuas, etc).
- Actividades plásticas como por exemplo fabricar selos con pataca e coloréalos con rotulador ou ténpera, logo facer a vosa creación sobre o papel. É moi sinxelo, cortamos unha pataca pola metade, un adulto da casa axúdanos a facer un debuxo (algo doado como unha cara), pintamos a pataca e a estampar!

Por outro lado, en canto ao **traballo das destrezas básicas, lectura, linguaxe oral, escritura, cálculo, numeración e lingua inglesa**, aconsellámosvos unha batería de actividades, que cada familia deberá de adaptar á súa situación particular (idade do neno/a, dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos, familiares que están ao cargo do neno/a nestes días, etc...).

A maiores destas actividades, incluímos un listado de aplicacións ou páxinas webs con recursos dixitais.

- Lectura:

- Lectura diaria dun pequeno texto, alternando galego e castelán. Estes textos poden ser contos, adiviñas, pequenos reportaxes de revistas, cancións....

- Linguaxe oral:

- Visionado dalgunha curta e reflexionar sobre a súa mensaxe (Ex: Curtas de Pixar – Disney coma “For the birds”, “El puente”, etc).
- Visitar algún perfil de Facebook de contacontos online (ou de instagram) todos os días hai algún polas mañás. Unha vez escoitado con atención falar do conto, intercambiar opinións, falar de novo vocabulario, etc.
- Sobre as lecturas feitas, ou sobre calquera tema de interese do alumnado, pódense facer sinxelas preguntas de comprensión oral, de razoamento, cambiar partes do texto, inventar novas personaxes ou un final diferente...
- Inventar un conto entre a familia.
- Cantar unha canción e bailala (En youtube tendes moitos vídeos de grupos galegos que lles encantan... como Uxía Lambona, Migallas, etc...).
- Coller un xornal e recortar palabras, pegalas nun folio contar o número de letras e escribir o número.

- Escritura: Práctica de escritura en caderno de pauta ou cuadrícula (o que teñades na casa).
  - Escribir nun folio a data (con día da semana, mes, ano) e o nome (segundo niveis de desenvolvemento). Os nenos/as de 5 anos poden e deben facelo en minúsculas, os de 4 anos copiando por ditado silábico dun maior, e os de 3 anos copiando dun modelo.
  - Escritura de título.
  - Redacción dunha pequena frase sobre o texto.
  - Escritura de palabras novas oídas ou lidas.
  - Escritura a modo de xogo de palabras encadeadas (iniciar só pola letra que comeza e/ou remata, continuar e aumentar dificultade con sílabas iguais, etc). Por ex. Pato, tomate, tenda..
  - Elaboración dun pequeno diario.
  - Lista de ingredientes dalgunha receita, lista da compra, lista de animais preferidos, lista de cores....
  - Pequenos ditados de ditos populares que saiban as familias, pequenas rimas, palabras que comece por...
  - Practica de caligrafía dos grupos consonánticos... (a poder ser en pauta ou en cuadrícula).
  - Copia de fragmentos de texto que sexan de interese para os nenos e nenas.
  - Encrucillados.
  - Sopas de letras.

- Cálculo e numeración: Pódese practicar de forma divertida coas seguintes tarefas:
  - Contar cara adiante e cara atrás, de forma oral, xogando dende o 1 ao 20, do 20 ao 30, do 30 ao 40, e así... sucesivamente.
  - Facer xogos de cálculo mental.
  - Escritura de números, xogos a descubrir o número que falta.
  - Proponer problemas de sumas e restas sinxelos . Por ex. Se teño 10 ovos e rompo 3 cantos quedan?
  - Contar de 1 en 1, de 2 en 2, de 5 en 5, de 10 en 10
  - Xogar ao parchís, dominó, xadrez, cartas (variados como xuntar todas as do mesmo pau, ordealas secuencialmente e á inversa, mostrar 3 cartas, eliminar unha e adiviñar cal falta, aumentar a dificultade, xogar ao cinquillo, etc)
  - Xogar ás construcións.
  - Facer puzzles.
  - Xogos de diferencias, de unir puntos...
  - Buscar e atopar diversas formas xeométricas pola casa (ex: ventá: cadrada ou rectangular?, etc...).
  - Agrupar obxectos por características (cor, tamaño, grosor, etc).
  - Receitas de cociña: cantidades dos ingredientes, tempo de cociñado...
  - Coller un folleto de publicidade de supermercado, recortar alimentos e pegalos nun folio, escribir o nome e inventar un prezo.
  - Inventar unha listaxe da compra, calcular o prezo, etc.
  - Xogos con pinzas (para motricidade, para ordenar cores, etc).

- Na área de inglés, algún enlaces para ver, escoitar, cantar e bailar...
  - o Super simple songs (Canciones)  
<https://www.youtube.com/user/SuperSimpleSongs?gl=ES&hl=es>
  - o Dream English  
<https://www.youtube.com/user/DreamEnglishKids>
  - o Mapple Leaf Learning  
<https://mapleleaflearning.com/>
  - o Peppa Pig  
<https://www.rtve.es/infantil/series/peppa-pig-ingles/>
  - o Steve and Maggie  
<https://www.youtube.com/watch?v=osgFO98k3FE>
  - o Canal de youtube WOW ENGLISH TV  
<https://www.youtube.com/channel/UCx1xhxQyzR4TT6PmXO0khhQ>

### **Aplicacións ou webs gratuítas:**

Diversas editoriais ou plataformas dixitais ofrecen contidos en aberto durante estas semanas, como colaboración fronte a esta situación. É preciso rexistrarse, e nalgúns casos son de tempo limitado, pero poden ser unha alternativa moi útil.

Cerebriti (todas as áreas):

[http://www.academons.com/?utm\\_source=cerebriti&utm\\_medium=banner&utm\\_campaign=home](http://www.academons.com/?utm_source=cerebriti&utm_medium=banner&utm_campaign=home)

Editorial Oxford (Solo Inglés):

<https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&selLanguage=en&elqTrackId=6e1edd8b85644b2b827d03facc507a90>

Smartick (solo Matemáticas):

<https://www.smartick.es/>

Aulas galegas (recursos variados):

<http://aulasgalegas.org/>